

**PREGUNTA DE AER SOBRE A VARIOS ASUNTOS (Rex. Entrada 23.01.2018, 2018-E-RPLN-2).**

PLENO 25 XANEIRO 2018. ACTA 01/2018

***5. Sobre a eliminación de acacias en torno ao viaduto de Pontevedra.*** *No pleno de Redondela durante o debate da moción acerca das obras no viaduto de Pontevedra, AER propuxo que se aproveitasen estas obras para a eliminación das acacias (especie invasora) que se atopan xunto á estrutura de pedra lindante coa estrada N-552. Así pois, PREGUNTAMOS:*

***Poderían aproveitar o presente pleno para informar á veciñanza de Redondela se teñen realizado algunha xestión ao respecto e de telas, cando se procedería á eliminación destas acacias?***

*Resposta Miguel: nos puxemos en contacto non só con esas que afectan, senón tamén co do monte que chaman Machaquito, 6 propietarios que xa están cos labores e estamos contactando cos demais a través do traballo do policía de medio ambiente, con requirimentos.*